INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# REFERENCIA DO CONSELLO EXTRAORDINARIO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 16 DE OUTUBRO DE 2026, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2027.
- Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Acadan 918 M€ máis que as contas do ano anterior

# OS ORZAMENTOS DA XUNTA PARA O ANO 2027 ASCENDEN A 15.158 M€, CUN INCREMENTO DO 6,4 % RESPECTO DO 2026

- O gasto social supera por primeira vez os 11.000 M€ e crece un 7,1 %
- O Goberno galego aplicará novas rebaixas de impostos en vivenda e no IRPF
- As contas galegas de 2027 achegan 360 M€ ao sector produtivo, o que supón un incremento do 7,2 % en relación a este ano
- O Fondo de Cooperación Local superará a barreira dos 200 M€

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe ao proxecto de Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma para 2027, unhas contas que ascenden a 15.158 millóns de euros, cun incremento do 6,4 % respecto ao ano pasado.

Galicia aprobará as súas contas, un ano máis, en tempo e forma e, tal e como destacou o conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos. O máis relevante no orzamento 2027 é que o incremento de capacidade de gasto se produce con recursos ordinarios na súa totalidade, ao finalizar as achegas europeas do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), e sen ter que recorrer ao endebedamento. En total, para o vindeiro ano o gasto non financeiro medra en 918 millóns de euros.

Así mesmo, o Goberno galego reforza o gasto social, cunha achega de 11.343 M€, cun aumento de 756 M€. Deste xeito, tres de cada catro euros seguirán destinándose a gasto social. Destes 756 M€, un total de 359 M€ irán para a sanidade, 239 M€ para educación, 146 M€ para políticas sociais e 12 M€ para emprego.

**Novas rebaixas de impostos**
O Goberno galego aplicará novas rebaixas de impostos. En primeiro lugar, rebaixarase 0,25 puntos os catro primeiros tramos do IRPF, que se fará retroactiva a este mesmo 2026.

Ademais, os orzamentos do vindeiro ano incluirán unha rebaixa en 0,3 puntos da cota do Imposto de Actos Xurídicos Documentados para os trámites notariais (do 1,5 ao 1,2 %), sempre que se trate da primeira vivenda; así como a aprobación dunha dedución do 100 % para as operacións formalizadas de vivenda protexida.

Por outra banda, os orzamentos incluirán unha nova medida que ten que ver coa sucesión de empresa, cunha ampliación da redución do 99 % deste imposto aos descendentes de ata terceiro grao de afinidade e aos traballadores da empresa.

**Compromiso coas administracións locais e coas universidades**
Os recursos para os concellos veranse incrementados, cunha suba do Fondo de Cooperación Local que, superará a barreira dos 200 millóns de euros (203 M€). En total, o vindeiro ano destinaranse ás entidades locais 661 millóns de euros.

En relación ás universidades, a suba é de 32 M€, polo que as universidades galegas terán o vindeiro ano 582 M€.

**Aposta por un sector produtivo cada vez máis competitivo**
As contas galegas de 2027 achegan 360 M€ ao sector produtivo, o que supón un incremento do 7,2 % en relación a este ano.

Os orzamentos de 2027 serán os cuartos consecutivos que non teñen endebedamento, e anticípanse catro anos os obxectivos de ratio débeda/PIB do ano 2030, ao pechar este 2026 cun 13,1 %.

Unha vez aprobadas no Consello da Xunta, as contas para o vindeiro ano seguirán a súa tramitación no Parlamento de Galicia, onde as presentará o conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, o vindeiro luns 19 de outubro.